



Universidade de Vigo Campus de Pontevedra

Diplomatura en XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

DIPLOMATURA EN XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

A titulación en Xestión e Administración Pública pertence á Área das Ciencias Sociais e Xurídicas e ten como obxecto principal o de preparar persoal cualificado para dar servizo ás administracións públicas (estatais, autonómicas e/ou locais), ben de xeito directo (funcionario ou persoal laboral, previa superación das probas oportunas), ben como técnicos provedores de servizos para estas administracións (en empresas contratistas das administracións e organizacións non gobernamentais). Estes estudos creáronse coa intención de cubrir unha serie de demandas técnicas das modernas administracións públicas que, na actualidade, están medrando a través de novos sectores de actividade distintos dos clásicos, tales coma servizos sociais, recursos humanos, inmigración, prevención de riscos laborais, ambiente etc., e nos distintos ámbitos territoriais, ademais dos tradicionais, como por exemplo mancomunidades, comarcas, consorcios, as innovadoras administracións auxiliares, organismos autónomos etc.

A base dos estudos da Diplomatura é interdisciplinaria e combina áreas de coñecemento como a economía, o dereito, a informática e a mercadotecnia, a socioloxía, a contabilidade e a estatística, a ciencia política e a teoría da organización; o que a orienta perfectamente para a xestión das organizacións públicas e das súas unidades administrativas e a compatibiliza cos estudos anteriores de COU, bacharelato, FP2 e outros estudos de primeiro ciclo. Ademais dótaos dun perfil específico para a análise, a xestión e a avaliación das diferentes administracións públicas.

ESTRUTURA

Esta titulación é unha diplomatura, e como tal consta dun só 1º ciclo, de tres anos de duración. Ten un total de 202,5 créditos. Hai dous bloques orientativos, que son os seguintes:

- A. Administración Pública e Ciencia Política.
- B. Economía Pública e Desenvolvemento Local.

Estes bloques ou itinerarios de especialización son únicos en todo o Estado e están destinados a que o estudante escolla en que aspectos da titulación se poden encadrar mellor as súas perspectivas profesionais.

MERCADO DE TRABALLO

Tradicionalmente, as saídas profesionais das diplomaturas en Xestión e Administración Pública estaban dirixidas á preparación de oposicións ou concursos que posibilitaran o ingreso nas diversas administracións como persoal funcionario ou laboral (neste caso do grupo B). Con todo, as tendencias na xestión das administracións públicas contemporáneas permiten comprobar outras posibilidades de traballo para estes titulados, como en fundacións, empresas ou organizacións non gobernamentais que son provedoras de servizos das administracións e que necesitan especialistas en xestión administrativa, dereito público, contabilidade, recursos humanos, mercadotecnia pública etc., co obxecto de orientar de forma máis correcta as actividades, produtos e servizos que estas organizacións privadas e do “terceiro sector” ofrecen ás administracións. Os novos xacementos de emprego promovidos pola Unión Europea e a tendencia á subcontratación de servizos por parte das administracións autonómicas provocan un novo abano de posibilidades para os titulados nesta diplomatura, que deberán formarse nos próximos anos como técnicos especialistas en xestión das administracións públicas, e que estarán nunha posición de mercado similar ou mesmo superior ao resto de titulados con licenciaturas, motivado polas recentes tendencias de contratación de especialistas e técnicos de xestión máis que de xeneralistas. Esta idea conta co apoio das institucións educativas europeas, estatais e autonómicas na reforma da formación profesional e nas titulacións de grao medio. Trátase de ofrecer formación para a acción de cadros intermedios, o que resulta esencial para o desenvolvemento eficiente dos programas e políticas públicas.

Cumpriría, tamén, ter en conta que os estudos que contén a Diplomatura son un complemento inmejorable para traballadores en exercicio nas administracións públicas cara á promoción dentro destas. Así mesmo, existe a posibilidade de opositar ás novas prazas creadas no ensino secundario. Esta titulación, ademais, é única no sistema universitario galego e posúe un gran potencial pola súa xuventude na nosa comunidade.

TIPO DE ESTUDANTE

Persoas que queiran desenvolver a súa actividade profesional no ámbito das administracións públicas de calquera nivel territorial de actuación (Xeral do Estado, europea, autonómicas, locais, universitarias etc.), tanto como persoal funcionario ou laboral, como técnicos que desempeñen o seu labor nas diferentes empresas e organizacións non gobernamentais que prestan servizos para as devanditas administracións.

ACCESO

A estes estudos pódese acceder desde:

- Todas as opcións de COU
- Todas as modalidades do bacharelato LOXSE
- FP2 rama Administrativa e Comercial (A-U)
- M. prof. de nivel III da rama de Administrativa e Comercial (A-L)
- C. form. de grao sup. da rama de Administración (todas as esp.)
- C. form. de grao sup. da rama de Comercio e Mercadotecnia (todas as esp.)
- C. form. de grao sup. da rama de Informática (todas as esp.)

PASARELAS

Desde esta titulación pódese acceder, mediante complementos de formación, a:

- Licenciatura en Ciencia e Técnicas Estatísticas
- 2º ciclo da Licenciatura en Ciencias Políticas e da Administración.

PRIMEIRO CURSO

Disciplinas	Tipo	Créditos
Dereito administrativo I	T	12
Dereito constitucional	T	9
Estatística administrativa I	T	6
Estatística administrativa II	T	7.5
Teoría do estado e sistemas políticos	T	4.5
Admons. públicas contemporáneas	T	6
Nocións básicas de contabilidade	T	4.5
Programación e planificación financeira	T	4.5
Economía española	T	6
Socioloxía xeral I	T	4.5

SEGUNDO CURSO

Disciplinas	Tipo	Créditos
Dereito administrativo II	T	4.5
Dereito internacional público e comunitario	T	4.5
Sistema político español	T	6
Xestión administrativa	T	4.5
Técnicas de xestión orzamentaria e tributaria	T	7.5
Sistemas de información na administración pública	T	4.5
Estrutura social de España	T	4.5
Sistema político galego	O	4.5
Dereito financeiro e tributario	O	4.5
Materias de orientación (dúas materias)	OP	9
Optativas xerais (unha materia)	OX	6
Libre elección	LE	9

TERCEIRO CURSO

Disciplinas	Tipo	Créditos
Xestión e organización dos servizos públicos	T	6
Xestión de recursos humanos	T	6
Información e documentación administrativa I	T	6
Información e documentación administrativa II	T	4.5
Sector público I	L	6
Sector público II	L	4.5
Materias de orientación (catro materias)	OP	24
Libre elección	LE	12

ORIENTACIÓN 1: ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E CIENCIA POLÍTICA

Disciplinas	Tipo	Créditos
Dereito estatutario galego	OP	4.5
A contabilidade pública	OP	4.5
Galego administrativo	OX	6
Análise de políticas públicas	OX	6
Informática de xestión	OX	6
Marketing público	OX	6
Dereito laboral e da seguridade social	OX	6
Dereito financeiro autonómico e local	OX	6
Comunicación nas institucións públicas	OX	6
Estrutura social de Galicia	OX	6
Socioloxía da administración pública	OX	6
Socioloxía xeral II	OX	6
Técnicas de investigación social	OX	6
Dereito dos bens públicos	OX	6
Participación política e sistemas electorais comparados	OX	6
Dereito estatutario comparado	OX	6
Introdución á ciencia política	OX	6
Relacións internacionais	OX	6

Nota: as materias Dereito estatutario galego e A contabilidade pública son obrigatorias para quen opte pola orientación 01.

Aqueles que opten por esta orientación deberán cursar 30 créditos entre o resto das materias ofrecidas para esta.

Aqueles alumnos que non opten por algunhas das orientacións implantadas deberán cursar os 39 créditos optativos entre as materias optativas ofrecidas, xa sexan de orientación ou xerais.

ORIENTACIÓN 2: ECONOMÍA PÚBLICA E DESENVOLVEMENTO LOCAL

Disciplinas	Tipo	Créditos
As administracións locais en Galicia	OP	4.5
A contabilidade pública nas administracións locais	OP	4.5
Galego administrativo	OX	6
Análise de políticas públicas	OX	6
Informática de xestión	OX	6
Marketing público	OX	6
Dereito laboral e da seguridade social	OX	6
Economía de Galicia	OX	6
Facenda pública autonómica e local	OX	6
Desenvolvemento rexional e local	OX	6
Fórmulas de financiamento das entidades públicas	OX	6
Socioloxía do desenvolvemento local	OX	6
Dirección e organización de empresas públicas	OX	6
Desenvolvemento de complexos empresariais e políticas públicas	OX	6
Xestión de servizos educativos, sociais e culturais	OX	6
Dereito urbanístico	OX	6
Responsabilidade penal do funcionario público	OX	6

Nota: as materias As administracións locais en Galicia e A contabilidade pública nas administracións locais son obrigatorias para quen opte pola orientación 02.

Aqueles que opten por esta orientación deberán cursar 30 créditos entre o resto das materias ofrecidas para esta.

Aqueles alumnos que non opten por algunha das orientacións implantadas deberán cursar os 39 créditos optativos entre as materias optativas ofrecidas, xa sexan de orientación ou xerais.

Outórganse UN MÁXIMO DE 21 créditos de libre elección por:

Prácticas en empresas, institucións públicas ou privadas etc.

Estudos realizados no marco de convenios internacionais subscritos pola universidade.

Outras actividades: Cursos, seminarios, escolas oficiais de idiomas e conservatorios superiores e profesionais de música.

- T** Troncal **OX** Optativa xeral
O Obrigatoria **LE** Libre elección
OP Optativa obrigatoria

Ficha

Titulación	Diplomatura en Xestión e Administración Pública
Centro	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación
Ensinanzas	Primeiro ciclo
Nº de anos académicos	3
Curso de implantación	99/00
Data do B.O.E.	11/08/99

Créditos totais

Troncais	Obrigatorios	Optativos	Libre config.	Trab. fin. carr.	Totais
133.5	9	39	21	Non	202.5

Información

Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación

Campus de Pontevedra, A Xunqueira

36005 Pontevedra

Tfno.: 986 801 999 Fax: 986 801 980

Correo electrónico: sdfasoc@uvigo.es

<http://www.csc.uvigo.es>

Servizo de Extensión Universitaria. Sección de información (SIOPE)

Edificio Miralles - Praza de Enric Miralles

Campus de Vigo

36310 Vigo (Pontevedra)

Tfno. 986 813 630/ 755 Fax. 986 813 639

Correo electrónico: siope@uvigo.es

www.uvigo.es